

D I T A M E

sobre o anteproxecto de
Lei de modificación de diversas
leis de Galicia para a súa **adaptación**
á **directiva 2006/123/CE**



APROBADO POLO PLENO O 17 DE NOVIEMBRE



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 20 de outubro de 2009 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o anteproxecto de lei de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á directiva 2006/123/CE.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 6 de novembro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o 9 de novembro de 2009, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 12/09, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 12 de novembro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 5/09, de 17 de novembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE

ESTRUTURA E CONTIDO

O presente anteproxecto de lei estrutúrase en seis Títulos e 24 artigos nos que se modifican as seguintes normas co obxecto de adaptarse á Directiva 2006/123/CE:

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 3/2006, do 30 de xuño, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia
- Lei 8/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia.
- Lei 9/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, reloxaría e xemoloxía de Galicia
- Lei 10/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.
- Lei 11/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Hixienistas dentais de Galicia.
- Lei 15/2007, do 13 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia.
- Lei 1/2008, do 17 de abril, de creación do Colexio Profesional de Detectives privados e privadas de Galicia.
- Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia
- Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia.
- Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia.
- Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia
- Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia.

- Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.
- Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia
- Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega
- Lei 17/2006, do 27 de decembro, de normas reguladoras do libro e da lectura de Galicia.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia.
- Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES reitera, unha vez máis, que o trámite de urxencia requirido na elaboración dos ditames pode incidir de forma negativa na desexada calidade dos traballos deste órgano consultivo, máxime cando, como ocorre no presente caso, o texto remitido para estudo e ditame do CES adoecía de importantes defectos documentais como a falta do Informe da Asesoría Xurídica Xeral e da Exposición de Motivos –remitidos ambos a posteriori– e a inexistencia de regulación da entrada en vigor da futura norma e do réxime transitorio para os procedementos actualmente en tramitación.

2.- O CES manifesta a súa preocupación e inquedanza ante a falta de dilixencia amosada polos poderes públicos en relación coa adaptación das normativas estatal e autonómica á Directiva 2006/123/CE.

O CES considera impropio que con posterioridade á promulgación da devandita Directiva, se teñan aprobado leis que deberían ser obxecto de modificación pola que nos momentos actuais se está a ditaminar polo CES, cando as mesmas poderían estar, dende a súa aprobación, acomodadas á dita Directiva.

3.- O CES reitera as observacións realizadas ás normas modificadas no presente anteproxecto de lei, nos seus ditames.

- Ditame 1/06 sobre o anteproxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, reloxaría e xemoloxía de Galicia, aprobado polo Pleno do organismo na súa sesión 1/06, do 6 de febreiro.
- Ditame 2/06 sobre o anteproxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, aprobado polo Pleno do organismo na súa sesión 1/06, do 6 de febreiro.
- Ditame 3/06 sobre o anteproxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia, aprobado polo Pleno do organismo na súa sesión 1/06, do 6 de febreiro.

- Ditame 4/06 sobre o anteproxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia, aprobado polo Pleno do organismo na súa sesión 1/06, do 6 de febreiro.
- Ditame 6/06 sobre o anteproxecto de lei de normas reguladoras do libro e da lectura de Galicia, aprobado polo Pleno do organismo na súa sesión 2/06, de 7 de xuño
- Ditame 6/07 sobre o anteproxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia, aprobado polo Pleno do organismo na súa sesión 5/07, de 13 de xullo.
- Ditame 7/07 sobre o anteproxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Detectives privados e privadas de Galicia, aprobado polo Pleno do organismo na súa sesión 6/07, do 02 de outubro
- Ditame 6/08 sobre o anteproxecto de lei do turismo de Galicia, aprobado polo Pleno do organismo na súa sesión 4/08, de 19 de xuño.

4.- En múltiples artigos do anteproxecto utilízase a verba “*ambiente*”. O CES entende que, tendo en conta a polisemia deste termo, debería utilizarse a expresión “*medio ambiente*”.

5.- Valorando a necesidade das modificacións da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, pola finalización do prazo de aplicación da Directiva Europea, o CES considera conveniente a elaboración dunha nova Lei de Ordenación de Comercio Interior de Galicia.

6.- O CES entende necesario manifestar as dificultades existentes para ditaminar unha norma que se refire, expresamente, a outras aínda en tramitación e cuxo texto definitivo se descoñece, sen prexuízo de resaltar a necesidade da transposición polo cumprimento do prazo de adaptación establecido na directiva.

Debe sinalarse ao respecto que hai normas en trámite no ámbito do Estado.

- A futura lei sobre libre acceso e exercicio das actividades de servizos.
- Proxecto de lei de reforma da Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo.

- Proxecto de lei de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso e exercicio das actividades de servizos.

Pero non só no ámbito estatal, senón que tamén no propio da Comunidade Autónoma de Galicia existen proxectos de normas que afectarán á regulación proxectada.

7.- Dado que as implicacións da entrada en vigor da directiva de servizos van máis alá dos meros cambios normativos e abranguen todo un programa de traballo: desenvolvemento dun programa de simplificación administrativa, introdución de procedementos electrónicos, establecemento do sistema de portelo único para os que prestan servizos, o CES entende que sería desexable establecer, mediante unha disposición adicional, un Comité para o seguimento e avaliación da adaptación da directiva na nosa Comunidade Autónoma, coa presenza dos axentes sociais máis representativos no ámbito galego.

8.- O CES estima necesario regular no texto do anteproxecto, a través dun novo artigo, a figura do portelo único como punto a través do cal se realizarán os procedementos e/ou trámites, e concretar, dentro das distintas administracións públicas, a autoridade competente encargada deste instrumento, pois, no artigo 1, a normativa proxectada refírese a un “portelo único” local e a outros dous: o autonómico e o estatal.

Así mesmo, no devandito precepto, debéra regularse tamén a asistencia que as administracións vaian pór a disposición das persoas interesadas sobre o uso do portelo único.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- No remate da **Exposición de motivos** do anteproxecto, deberíase facer constar que o mesmo foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2.- O **artigo 1.2** do anteproxecto de lei sometido a ditame modifica o artigo 286 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

O artigo 286 da Lei 5/1997 recollía, no seu apartado 2, outros dous principios (“*Legalidade*” e “*Liberdade individual*”) que resultan eliminados pola modificación. O CES considera que procedería mantelos, a expensas dos comentarios recollidos no informe da Asesoría Xurídica Xeral en relación coa modificación da mencionada lei.

3.- O **artigo 2.1.4** do anteproxecto de lei de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE modifica o apartado 4 do artigo 2 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

No seu segundo parágrafo o CES entende que sería conveniente explicitar que o destinatario da “*comunicación*” é o colexio profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- O **artigo 2.2** do anteproxecto de lei sometido a ditame deste Consello modifica o artigo 3 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo se ten manifestado en varios ditames, o CES entende que a colexiación debería ser voluntaria. En todo caso, se entende que debería suprimirse o engadido que se realiza no artigo 3 da Lei 11/2001, relativo aos profesionais ao servizo da Administración: “*Será obrigatoria, en consecuencia, a colexiación cando, sen prexuízo da dependencia do profesional respecto da Administración, o destinatario inmediato da prestación de servizos sexa o cidadán*”.

5.- O artigo 11 do anteproxecto de lei de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE modifica a Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia.

O **apartado 3** do artigo 11 modifica o artigo 27 da citada lei 9/2004, do 10 de agosto. O CES considera que non está xustificada a eliminación do parágrafo: *“Para facilitar a devandita supervisión, as entidades legalmente habilitadas levarán un rexistro xeral de actuacións en que quedarán reflectidas todas as que realicen nos distintos campos”*, polo que propón que se manteña no texto normativo.

6.- O artigo 13.2 do anteproxecto de lei obxecto de ditame modifica, entre outros, o artigo 7 *“Uso comercial do solo”* da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia.

Tendo en conta as prohibicións de requisitos de natureza económica para as autorizacións comerciais e a esixencia de que os requisitos se refiran exclusivamente a criterios de adecuada ordenación territorial, medio ambiental, política social..., o CES entende que sería adecuada unha maior precisión de conceptos como os de *“densidade comercial”* ou de *“posible saturación”*, no que respecta á ordenación municipal ou autonómica dos usos comerciais.

O CES entende que a norma debería establecer uns criterios totalmente claros, que eviten posibles discrecionalidades administrativas, e que posibiliten a tutela dos dereitos dos particulares.

7.- O artigo 13.3 do anteproxecto de lei obxecto de ditame modifica, entre outros, o artigo 9 *“Actividades suxeitas a autorización autonómica”* da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia.

O CES comparte o criterio da Asesoría Xurídica Xeral, en relación a que se deberían clarificar, no anteproxecto de lei, os supostos concretos nos que se esixirá licenza comercial.

8.- O artigo 13.3 do anteproxecto de lei obxecto de ditame introduce, entre outros, o artigo 9 quáter *“Procedemento para a obtención da autoriza-*

ción comercial e a súa valoración”, da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia.

O CES entende que no **apartado 3 a)** deste artigo 9 quáter debería substituírse a expresión “*comisión interadministrativa*” por “**comisión consultiva**”.

9.- O artigo 13.3 do anteproxecto de lei obxecto de ditame introduce, entre outros, o artigo 9 quinties “*Simplificación administrativa e integración de procedementos*”, da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia.

O citado artigo 9 quinties establece que o procedemento para a obtención da autorización comercial substituirá o procedemento para o outorgamento da licenza municipal de apertura, sinalando que para estes efectos, unha vez outorgada a autorización comercial pola Administración autonómica, o concello ditará unha única resolución sobre as licenzas municipais da maneira prevista no artigo 196.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Por outra parte, no art. 8.2 sinálase que as licenzas de apertura dos establecementos comerciais serán concedidas polos concellos, de acordo coa normativa vixente en materia de urbanismo, seguridade, salubridade e protección do ambiente e conforme o establecido nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

Así mesmo o art. 9 quáter, no seu parágrafo primeiro, establece que a autorización autonómica será concedida mediante resolución do conselleiro competente en materia de comercio con carácter previo á obtención das correspondentes licenzas municipais, así como ás de calquera outra entidade ou administración que poidan ser esixibles.

En opinión do CES debería quedar máis precisado no texto do anteproxecto, tendo en conta o exposto no artigo 9 quinties e na exposición de motivos do anteproxecto, e a regulación dos artigos 8.2 e 9 quáter, que haberá un único procedemento de autorización que integrará todos os trámites administrativos, independentemente das administracións implicadas.

10.- O artigo 13.4 do anteproxecto de lei obxecto de ditame modifica o **artigo 11** dentro do Capítulo V, da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia.

O presente anteproxecto establece unha nova denominación para o Capítulo V “*Da comisión interadministrativa*” e para o artigo 11 “*Comisión interadministrativa*”. O CES propón substituír en ambos casos o termo “*interadministrativa*” por “**consultiva**”.

No mesmo senso, o CES entende que se debe substituír o termo “*interadministrativa*” por “**consultiva**” nos puntos 1, 2, 3 e 4 do citado artigo 11.

O **punto 3** do **artigo 11** regula a composición da sinalada comisión.

O CES considera que no **apartado c)** do punto 3 do artigo 11 deberían engadirse como vogais:

- Tres representantes das organizacións sindicais máis representativas da Comunidade Autónoma.
- Tres representantes das organizacións empresariais máis representativas da Comunidade Autónoma

11.- O artigo 20 do anteproxecto de lei sometido a ditame modifica a Lei galega 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria.

O **apartado 4** do artigo 20 modifica o artigo 27 da sinalada lei 2/2005, do 18 de febreiro. O CES entende que existe un erro que cambia radicalmente o senso da última frase do segundo parágrafo do artigo 27 da lei 2/2005, figurando “*a entidade poderá continuar exercendo a actividade*”, cando debería dicir “*a entidade **non** poderá continuar exercendo a actividade.*”.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2009

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano